Ourense 27 do maio do 1969

Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero
Santiago de Compostela

Meu querido amigo: Estivemos en Compostela. eu teimaba o procurar a Vd. o xóves ou o seguinte día, mais fun escolmado por unha intoxicación e pasei case día e meio no leito. Pola outra parte chovía a regos e a via estaba penosa. Viaxe derramado. Sóio aproveitei dous pezos en coche — A Costa Nova, a Ponte Mantible, a ponte do Arcibispo, San Lourenzo. Ainda se esculcan testas estóicas labourados pola probeza. Penso moito na conferencia de Vd. eiquí o sábado antederradeiro. Abondaría o craro e limpo esquema. Ás veces, nistes tempos, consóan as nidias obras de intelixencia. O día seguinte quixen buscalo, mais como a criada camiñou por us días non poiden deixar soia a Fita. Agardemos por outro viaxe mais venturoso. Estóu baixo a aza escura do pasamento de Paulino Pedret. Penso nos seus emosoados comentares o "De Correctione.." do Dumiense e apuis discursos acesos na chama refrexada en

AC
112 1191-2

vitrales, de Montalembert, de Brañas... Foi un dos primeiros cre-
gos galeguistas. Sen il ha figurare menos craustral o ~~ano~~ anaco silandei-
ro da Rúa do Vilar...

Saúdos de Fita pra Vdes e os meus pra a súa dona – 6.33. pp. – Sem-
pre admirador e vello amigo

Ramón Otero Pedrayo